

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

e VALORES ÉTICOS en 3º ESO

ANO ACADÉMICO 2021 / 2022

Cursos: 1º, 3º y 4º de EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

IESP PEDRA DA AGUIA (A Ponte do Porto)

Francisco Javier Brey Ferreiro

xefe de departamento

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
7.1. Ensinanzas que oferta o centro.....	5
Características singulares.....	5
1.1. Alumnado.....	6
1.2. Alumnado que presenta dificultades de 1ºESO.....	6
1.3. Alumnado que presenta dificultades de 3ºESO.....	9
Alumnado que presenta dificultades de 4ºESO.....	10
NORMATIVAS. LEXISLACIÓN ESTATAL E AUTONÓMICA.....	11
LEXISLACIÓN ESTATAL.....	11
MARCO LEGAL.....	11
LEXISLACIÓN AUTONÓMICA.....	13
DATOS DO DEPARTAMENTO.....	15
Material didáctico do Departamento de Educación Plástica.....	16
7.2. Equipación da Aula de Educación Plástica.....	16
1.1. Material de traballo obrigatorio para cada alumno.....	16
OBXECTIVOS DE ETAPA.....	18
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	20
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 1º ESO.....	22
1.1. Obxectivos.....	22
Contidos e actividades de aprendizaxe.....	23
Temporalización e sesións.....	27
Criterios de avaliación, competencias básicas e contidos mínimos.....	29
Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	35
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 3º ESO.....	38
Obxectivos.....	38
Contidos e actividades de aprendizaxe.....	39
Temporalización e sesións.....	45
Criterios de avaliación, competencias básicas e contidos mínimos.....	47
Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	53
1.1. Consideracións para o terceiro curso.....	55
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO.....	55
Contidos e actividades de aprendizaxe.....	55
Temporalización e sesións.....	62
Criterios de avaliación, competencias básicas e contidos mínimos.....	65
Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	69
2. METODOLOXÍA.....	71
2.1. Metodoloxía presencial.....	72
2.2. Metodoloxía semi presencial.....	74

1.1. Metodoloxía online.....	74
3. AVALIACIÓN.....	75
1.2. Avaliación inicial.....	76
1.3. Procedementos de avaliación.....	77
1.3.1. Avaliación contínua presencial.....	77
1.3.2. Avaliación contínua semi presencial.....	78
1.3.3. Avaliación contínua non presencial.....	79
1.4. Instrumentos de avaliación.....	79
1.5. Avaliación final.....	79
1.6. Avaliación extraordinaria de Xuño.....	80
1.4. Recuperación e avaliación de pendentes.....	80
1.7. Recuperación de alumnos pendentes nas dúas últimas semanas de Xuño.....	82
AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	82
Procedementos.....	83
12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	84
1.5. Avaliación da programación didáctica.....	84
1.6. Avaliación da práctica docente.....	86
1. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	88
1. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	89
ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	90
ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.....	91
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	92
4.1. Actividades complementarias.....	93
COMUNICACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO.....	93
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE VALORES ÉTICOS EN 3º E.S.O.....	96
1. Valores Éticos en Secundaria.....	96
2. Competencias clave traballadas.....	98
3. Obsectivos.....	99
4. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe: 3º ESO.....	102
5. METODOLOXÍA.....	106
Prácticas metodolóxicas.....	106
Materiais e recursos didácticos.....	107
6. Plan de reforzo específico.....	109
7. Atención a diversidade.....	110
Avaliación dos procesos de aprendizaxe.....	110
Procedementos de avaliación.....	110
Instrumentos de avaliación. Ponderación.....	111

<u>Medidas de recuperación e reforzo.....</u>	<u>112</u>
<u>Avaliación extraordinaria e recuperación de pendentes.....</u>	<u>112</u>
<u>Recuperación de pendentes.....</u>	<u>112</u>
<u>Avaliación do proceso de ensino (Programación didáctica e metodoloxía).....</u>	<u>113</u>
<u>Elementos transversáis.....</u>	<u>113</u>
<u>Actividades extraescolares.....</u>	<u>114</u>
<u>Comunicación da programación ao alumnado.....</u>	<u>114</u>

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación didáctica está dirixida ao alumnado que cursa a materia de Educación plástica, visual e audiovisual no IES Pedra da Aguiá, un centro de titularidade pública situado na Vila de Ponte do Porto, pertencente ao concello de Camariñas, na comunidade autónoma de Galicia, cunha poboación de 5.322 habitantes (según os datos publicados polo INE a 1 de Xaneiro de 2018, 97 habitantes menos que no ano 2017).

Camariñas é unha vila maniñeira na que a pesca, o marisqueo, a acuicultura (na que Camariñas é referente mundial), encaixe de bolillos e o turismo son a súa principal fonte de riqueza, aínda que tamén existe una importante conservera, Industrias Cerdeimar.

A xornada do centro é de mañá e tarde (a tarde soamente inclúe o martes) ao ofertarse ESO. O seu modelo educativo fundamentase no pluralismo, nos valores democráticos de convivencia e unha metodoloxía activa. Por isto, a acción educativa basearase na proposta de LOMCE con respecto á solidariedade, a cooperación, ao

diálogo, a tolerancia e o respecto, rexeitando calquera tipo de comportamento discriminatorio.

7.1.Ensinanzas que oferta o centro.

NIVEIS	Nº ALUMNOS	GRUPOS
1º ESO	42	2
2º ESO	46	2
3º ESO	31	2
4º ESO	41	2

TOTAL ALUMNOS: 160

Contamos cunha aula para Necesidades Educativas Especiais que atende neste curso a:

- 1º ESO: 2 ACS e alumnado con dificultades de diferente tipo e repetidores de Educación Primaria.

- 2º ESO: 2 ACS e alumnado con dificultades de diferente tipo e repetidores de Educación Primaria.

Características singulares.

Somos Centro Plurilingüe: Impártense en inglés a Ed. Plástica e Visual de 1º ESO e 3º ESO, os Hábitos Saudables de 2º ESO e Xeografía e Historia en 4º ESO.

Debido a actual situación provocada polo CORONAVIRUS o alumnado na aula de Plástica estará colocado no pupitre que poña o seu nome para evitar posibles cambios e poida haber dúbidas de quen está sentado ao seu carón.

As faltas de asistencia serán recollidas no XADE.

1.1.Alumnado.

1º ESO A	21	3º ESO A	12
1º ESO B	21	3º ESO B	15
2º ESO A	21	4º ESO A	18
2º ESO B	21	4º ESO B	23
Total 1er ciclo	84	Total 2º ciclo	68

1.2.Alumnado que presenta dificultades de 1ºESO.

1. Antelo Moreira, Carlos (C): Alumno tranquilo e tímido, con ningunha autonomía.

Frustración alta (non sabe xestionar os conflitos). Moi prote-xido na casa. Hai que guialo moito. Ten comportamentos estraños, con posibilidade de algún indicio de autismo.

2. El Harrar, Khaoula (C): Alumna procedente de Marrocos, que chegou ao centro de Primaria uns días antes do peche polo confinamento. Moi tímida. Entende o idioma pero exprésase pouco. Exenta en galego. No 1º trimestre estivo no Grupo de Adquisición de Linguas e logo tivo o apoio de ARCO.

3. Fateira Suárez, Gorka (P): Alumno con diagnóstico: “Amosa dificultades na lectura, escritura e necesita maior actividade física que outros ne-nos”. Medicado por TDAH e depresión. ACS en lingua estranxeira inglés. (Aproba)//Apoio da PT. No curso 20/21, co tratamento, estivo máis moti-vado, máis traballador e ten menos conflitos cos seus compañei-ros/as. Ten un gran desfase curricular, non ten adquirido parte dos conti-dos de sexto, ten un nivel de 3º-4º de Primaria. Moitos problemas de comprensión e razoamento, letra ilexible, grandes problemas na ortogra-fía. En 5º de EP tivo problemas psicolóxicos derivados do confinamento.
4. Mouzo López, Gorka(C): Diagnóstico: TDAH, presentación inatenta. Trastorno disléxico. Repetiu 2º EP. Moi pouco autónomo, con pouca ini-ciativa. Problemas na expresión escrita e na comprensión. Neno que ne-cesita APOIO da PT.
5. Mouzo Pérez, Mario (P): Moi consentido e caprichoso. Rosmón. Non adoite facer traballos opcionais. Tivo conflitos en cursos pasados con va-rios compañeiros/as do outro grupo.
6. Santos Suárez, Alejandro (P): Alumno con diagnóstico: “TDAH de pre-sentación inatenta” e “trastorno de lectoescritura de natureza disléxica”. Medicado. ACS en lingua estranxeira inglés. (No 2º trimestre sacou un 4, se aproba vai ser moi xusto). Apoio da PT. Moi infantil, vago e despista-do. Suspende matemáticas e ten moitos problemas de comprensión e razoamento.
7. Suárez Canosa, Jairo (Repite 1º ESO) : Sen grandes dificultades de comprensión o principal problema é que na casa non traballa, o que lle levou a repetir 5º curso por suspender 6 materias. Na avaliación de se-tembro non se presentou a ningunha recuperación e REPITE CURSO.

8. Antolínez Olivares, Sara Gabriella(C): Alumna procedente de Colombia, chegou ao CEIP a principios do terceiro trimestre 20/21. Traía sus-penso (naturais, sociais, lingua galega, lingua castelá, mate e inglés) pe-ro no CEIP está aprobando todo. Integrouse sen problema no grupo.
9. Barros Oróns, Adrián(P): vai moi xustiño en matemáticas. No curso académico 20/21 tivo moitos problemas na casa a causa do divorcios dos pais. Non está demasiado integrado no grupo; gústalle moito a lectu-ra. Desde o CEIP recomendaron cambialo de grupo.
10. Brión Vecino, Celia (P): Nena moi tímida, sensata e responsable. Tenlle medo á auga (non fai ningún deporte acuático). Moitos problemas coa alimentación. ALERTA ESCOLAR (non pode comer peixe, marisco, go-minolas...)
11. Cambeiro Ferreira, Nuno (P): Chegou ao colexio de Primaria no curso 19/20, pouco antes do confinamento. Ten a custodia a avoa (moi colabo-rativa). Moi bo comportamento. Fáltanlle hábitos de estudo e ten dificul-tades en matemáticas e inglés (ten moitas lagoas). Tivo apoio da PT.
12. Castro Devesa, Carlota (P): Moi tímida e insegura. Ten problemas de razoamento e resolución de problemas, pero traballa moito e esfórzase. Vai a clases particulares e tiña o apoio da PT.
13. Franquet Galera, Íker: Vén do CEIP Plurilingüe Eugenio López de Cee, onde cursou 4º, 5º e 6º de Primaria con algunhas dificultades en mate-máticas, castelá e inglés, aínda que aprobou todo cunha media de ben. Os primeiros cursos de Primaria fíxoos en Dumbría.

14. Pasantes Freire, Iria (P): Repetiu 2º EP. ACS en matemáticas.(Aproba). Apoio PT. Ten dificultades. Nena con moita personalidade, esfórzase, gústalle moito o manga/youtube,...ten intereses diferentes que a maioría dos seus compañeiros/as. Está un pouco máis integrada na aula.

15. Rodríguez Pose, Isaac (P): Estudante con moitas dificultades: non sabe as táboas de multiplicar, caligrafía moi mala, faltas de ortografía contínuas, letra ilexible en moitas ocasións,... Poucos hábitos de traballo, pouca motivación. O ano pasado mellorou a integración na aula e a nivel persoal mellorou (xa non chora por calquera motivo). Apoio PT. Desde o CEIP recoméndase que todo o verán vaia a clases de reforzo.

16. Tedín Bouzas, Saray (P): Moi xusta en matemáticas e inglés. Vida familiar complicada.Non ten moita vida social, soamente na escola. Lévese mellor cos nenos (gústalle moito os deportes). Para este curso valorar o apoio da PT

1.3.Alumnado que presenta dificultades de 3ºESO.

1. ARÉN PASANTES, MIGUEL ÁNGEL. Repetiu 2º ESO. Repetidor de 2º E.P. e flexibiliza en 6º E.P. Presenta un grao de discapacidade do 39%. Transplantado de ril e necesita ir ao baño. Gústalle que o traten coma os demais.Tivo ACS en practicamente todo, que este ano hai que actualizar. Vai a apoio. Promociona a 3º ESO con tres materias pendentes de 2º: física, inglés e tecnoloxía.

2. CABRERA ANTELO, ELODIE. Repetiu 2º ESO Flexibilizou Educación Infantil. Repetiu 5º E.P. e flexibilizou 6º E.P. Ten unha grao de discapacidade do 92%. (Perda da agudeza visual binocular grave). Afiliada á ONCE. Necesidade de material coa letra ampliada arial 16 e mesa adaptada. O curso pasado recibiu atención domiciliaria todo o

ano e este esperamos que poida asistir regularmente. Basicamente traballou na casa as linguas e as matemáticas, a nivel das súas adaptacións. Vai a apoio.

3. GONZÁLEZ LÓPEZ, MARCOS. Moi bo academicamente pero manifesta problemas de integración e relación. Problemas de tiroides e moi introvertido.

4. PAZ CANOSA, DANIEL. Actitude nerviosa na clase. É moi movido. Ten problemas cos compañeiros por non aceptación dos demais polo seu comportamento.

5. SAR ROMERO, PABLO. Está no programa de Alerta Escolar por diabetes.

6. COSTA LUACES, AITOR. Repetidor de 5º E.P. Pasa con inglés pendente de 2º ESO.

7. MARTÍNEZ CASTRO, JORGE. Está a tratamento psicolóxico. Pode negarse a facer calquera tarefa que lle indiquen.

8. SUÁREZ SUÁREZ, AARÓN. Repetiu 4º E.P. Problemas de razoamento, expresión e redacción. Non ten moitos amigos.

Alumnado que presenta dificultades de 4ºESO.

1. MUGRIDGE SUÁREZ, GABRIEL. Diagnosticado con TDAH. Procede do estranxeiro (Londres). Pasa a 4º por imperativo legal e con 4 materias suspensas.

2. SONEIRA VIGO, MARTÍN. Informe de TDAH e trastorno de lectura de natureza disléxica (letra e caligrafía ilexible). Exames curtos, orais, tipo test, con axuda .

3. SAMBADE CANOSA, MANUEL (LOLO). Informe de altas capacidades do 2016.

4. BOTANA MARTÍNEZ, PABLO. Posibles problemas de integración. "Peculiar". Reacciona impulsivamente ante situacións non esperadas ou provocacións por parte dos demais. Pendente de valoración. Morreulle a súa nai no curso pasado. Fixo un

grande esforzo por recuperar as materias suspensas durante o curso e pasou a 4º con física e tecnoloxía pendentes de 3º ESO.

NORMATIVAS. LEGISLACIÓN ESTATAL E AUTONÓMICA.

O instituto cumpre co Real Decreto 132/200, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e a educación secundaria.

LEGISLACIÓN ESTATAL.

Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la Mejora de la Calidad Educativa (LOMCE).

Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.

Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.

Orden ECD/1361/2015, de 3 de julio, por la que se establece el currículo de Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato para el ámbito de gestión del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, y se regula su implantación, así como la evaluación continua y determinados aspectos organizativos de las etapas.

MARCO LEGAL..

LOMLOE

Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

LOMCE

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la

formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

LEXISLACIÓN AUTONÓMICA.

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

Orden de 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas

de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinos non universitarios.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.

Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde de 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obligatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Resolución do 20 de xullo de 2017 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes.

Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

DATOS DO DEPARTAMENTO.

O Departamento de Educación Plástica e Visual é unipersoal, co o profesor **Francisco Javier Brey Ferreiro** de xefe de departamento, e profesor de Educación Plástica e Visual nos seguintes cursos:

- **1º ESO A** (21 alumnos), **1º ESO B** (21 alumnos)
- **3º ESO A** (16 alumnos) e **3º ESO B** (15 alumnos)
- **4º ESO A** (18 alumnos) e **4º ESO B** (23 alumnos)
- e **Valores Éticos** de **3º ESO A** (6 alumnos) e **3º ESO B** (8 alumnos).

e tamén xefe de departamento de **Actividades extraescolares**.

Material didáctico do Departamento de Educación Plástica.

O Departamento de Plástica non pon ningún libro como libro oficial de texto. Na Aula de Plástica hai diversos libros de diferentes editoriais que serven puntualmente de axuda.

Tamén se disporá de libros e revistas de diferentes temáticas relacionadas con aspectos das materias que se imparten: Arte, botánica, zooloxía e paisaxismo, anatomía e cómics, deseño gráfico, de interiores, moda e industrial, deseño gráfico de envases, embalaxes e tipografías, fotografía convencional e dixital, movementos artísticos que fan uso da fotografía, cinematografía e cómic.

7.2. Equipación da Aula de Educación Plástica.

- Pantalla dixital e canón.
- Encerado. Regra, escuadro, cartabón, e semicírculo graduado de encerado.
- Tórculo.
- Dúas piletas de auga fría.
- Modelos de xeso. Xoguetes variados para modelos.
- Material funxible: Pinturas acrílicas, lapices de cores variados, témperas, pratos, vasos, pinces, plástilina, escuadras, cartabóns, regras e compases.

1.1. Material de traballo obrigatorio para cada alumno.

- Carpeta de anillas para guardar e ordear os apuntes e láminas de traballo.

- Bloc de debuxo DIN A 4.
- Lápiz 2H e 2B.
- Goma de borrar.
- Afilalápiz.
- Compás.
- Regra, escuadra e cartabón.
- Cores acrílicos primarios (amarelo cadmio, roxo maxenta, azul cian e branco).
- Pincel número 6 ou 8.
- Trapos para secar os pincéis.
- Lápicos ou ceras de cores.
- Barra de pegamento.
- Texoiras.
- Bloque de plastilina JOVI grande (350 grs.)
- Caja de plástico para poder guardar todo el material de traballo en clase.

Sempre se lles remarca a principios de curso que este material é o mesmo para os diferentes cursos da asignatura, 1º, 3º e 4º e, que se o coidan debidamente, só terían que compralo unha vez na ESO.

OBXECTIVOS DE ETAPA.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- A) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- B) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- C) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- D) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- E) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación

básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- F) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- G) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- H) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- I) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- J) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- K) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais

relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

- L) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- M) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- N) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)** adquirese fundamentalmente a través da área de educación plástica, visual e audiovisual, na que está presente a o longo de todo o currículo. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e dende o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do propio patrimonio cultural e do alleo. Contribúe tamén a alcanzar esta competencia a experimentación e investigación con distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da imaxe.

A educación plástica e visual colabora na adquisición da Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) dado que, todo proceso de creación, supón transformar unha idea nun produto. A educación plástica e audiovisual incide estreitamente no desenvolvemento de estratexias de planificación, previsión de recursos, anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de xeito autónomo. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

A materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento das Competencias sociais e cívicas (CSC) xa que a linguaxe do debuxo é un canle de comunicación. A través desta linguaxe universal podemos transmitir ideas, descripcións e sentimentos e, polo tanto, comunicarnos cos nosos semellantes. A creación artística posibilita o traballo en equipo e, a través del, promóvense actitudes de respecto, tolerancia, cooperación e flexibilidade e se adquiren habilidades sociais.

A reflexión sobre os procesos e experimentación creativa contribúe a favorecer a Competencia de aprender a aprender (CAA) que implica a experimentación e a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

A importancia que adquiren no currículo os contenidos relativos ao entorno audiovisual e multimedia, expresa o papel que se lle otorga a esta materia na adquisición da Competencia dixital (CD).e, en particular, a que aporta o mundo das imáxes. O emprego de recursos tecnolóxicos específicos non so supón un medio válido para a produción de creacións visuais, sinon que, colabora na adquisición da competencia dixital.

A educación plástica e audiovisual contribúe á adquisición da Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) mediante o emprego de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e posterior análise. O alumnado emprega continuamente conceptos matemáticos, tanto no debuxo artístico coma no debuxo técnico. Por citar algúns: a proporción que se aplican nas escalas, no encaixado, na mestura de cores. A toma de medidas mediante o emprego de regras, semicírculos, calibres... O trazado de figuras xeométricas, etc.

En canto á Competencia comunicación lingüística (CCL) é moi importante o correcto emprego da terminoloxía propia da materia, tanto para defender as ideas, argumentar solucións, presentar obras ou discutir posibilidades.

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 1º ESO.

1.1. Obxectivos.

- a) Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
- b) Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar a como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.
- c) Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo a súa conservación e mellora.
- d) Sensibilizar ao alumnado ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.

- e) Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica, visual e audiovisual.
- f) Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.
- g) Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación mais axeitadas.
- h) Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
- i) Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
- j) Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
- k) Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

Contidos e actividades de aprendizaxe.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo ESO, 1º curso	
Bloque 1. Expresión plástica	
Contidos	Actividades de aprendizaxe
B1.1. Elementos configurativos da imaxe: Punto, liña e plano.	Presentación e explicación do profesor a modo de introducción no tema. Visualización de distintas producións gráfico-plásticas e análise dos

<p>B1.2. Apreciar o uso que os artistas fan do punto, liña e plano para aplicalo ás propias composicións.</p>	<p>elementos configurativos da imaxe nas mesmas. Elabora dous traballos, un de puntillismo de temática libre e outro con puntos ao estilo de Joan Miró ou ao estilo de W. Kandinsky, a eleixir. Recollida selección e clasificación no caderno, de imaxes fotográficas nas que o punto sexa un elemento expresivo fundamental.</p>
<p>B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. B1.4 Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, grosor ou velocidade.</p>	<p>Realización de composicións baseadas en formas orgánicas na que se experimente co valor expresivo do punto e a liña e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tumbado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada. Ver e analizar as obras de Miró nas que se evidencie o emprego artístico do punto como elemento expresivo. Ver e analizar la obra '1923 Línea Transversa' de Wassily Kandinsky na que se evidencia o emprego artístico do punto como elemento expresivo. Mostrar video de Vasily Kandinsky traballando e observar a súa maneira de plantexar co uso da liña a composición. Analizar a frase de Kandinsky 'Todo comienza desde un punto' https://rz100arte.com/arte-ninos-kandinsky-la-abstraccion-al-alcance-los-mas-pequenos/ Ver e analizar un video de Picasso trabajando coa liña. Busca en internet as obras "Tarde de domingo en la isla de la Grande Jatte" o "Un baño en Asnieres" de Pierre Seurat e analiza como emprega o punto nas súas obras a diferencia da obra de Kandinsky".</p>
<p>B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.</p>	<p>Explicación do profesor, ¿Qué é o plano? e cómo mediante a superposición de formas se crea sensación de cercanía - lejanía. Realización dunha composición "Collage" a base de planos, mediante figuras xeométricas sinxelas que se corten, penetren ou traslapan.</p>
<p>B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.</p>	<p>Realización dun collage con papel rasgado, cortado...etc, experimentando con distintas texturas e cores e utilizando o plano como elemento compositivo e volumétrico. Realización de debuxos de silueta, a partir de recortar o seu contorno. Realizar unha composición que transmita emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). Realización de debuxos de silueta en diferentes cores, a partir de recortar o seu contorno, e plantexar un volume traballando a superposición de planos.</p>
<p>B1.7. A composición. Elementos da composición. B1.8. O ritmo na composición.</p>	<p>Realiza un motivo ornamental empregando a liña como elemento configurador. Visualizar e comentar as obras de Matisse onde emprega siluetas e ritmo. Facer un traballo creativo seguindo o seu proceso.</p>
<p>B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura subtractiva. B1.10. O círculo cromático. Cores complementarios.</p>	<p>Observación das cores na natureza. Visionado de paisaxes naturais nas que as gamas cálidas e frías sexan evidentes Proxección e visionado de obras pictóricas nas que as gamas cálidas e frías. Realizar un círculo cromático que inclúa cores terciarias (12 cores). Busca en revistas e xornais fotografías nas que a cor teña as diferentes</p>

	<p>funcións estudadas. Colócaas logo nun folio e analízalas.</p> <p>Realiza unha paisaxe sinxela, e posterior coloreado en diferentes gamas para evocar as catro estacións.</p> <p>Buscar en internet alguna obra de movemento Fauvista. Buscar cal é a base principal do Fauvismo e analizar que cores destacan na obra seleccionada e cómo os empregaban. Realiza unha composición sinxela traballando as cores dese modo.</p> <p>Traballo en grupo: Exemplifica, mediante recollida fotográfica, o emprego da cor en diferentes propostas relacionadas co cotián: como por exemplo no supermercado. Compara os produtos da perfumería de home e de muller, e o predominante na sección de limpeza e de panadería. Analiza e pon en común.</p>
B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	<p>Realizar un muestrario de texturas visuais e táctiles empregando o frottage (del francés froter, 'frotar'), a técnica artística que consiste en frotar un lápiz sobre unha folla colocada sobre un obxecto, conseguindo unha impresión da forma e textura de ese obxecto.</p> <p>Realizar unha composición na que se integren varias texturas como un elemento expresivo máis.</p>
B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. As técnicas plásticas: Secas, húmidas e mixtas.	<p>Realizar un esgrafiado con pinturas de cera, unha paisaxe na que se procure que os termos preto e lonxe, estexan ben marcados.</p> <p>Realizar unha versión en colaxe dalgunha obra de arte.</p>
Bloque 2. Comunicación audiovisual	
Contidos	Actividades de aprendizaxe
B2.1. A imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa, imaxe abstracta.	<p>Representar un referente real en catro niveles de iconicidade, dende a figuración realista ata chegar á abstracción.</p> <p>Debuxa un autorretrato realista e fai logo dúas variacións con menos detalle para obter máis grado de abstracción.</p>
B2.2. A comunicación visual. Símbolos e iconas. B2.4. A comunicación visual. Elementos que interveñen na comunicación visual.	<p>Elabora un pictograma informativo de posible aplicación no centro escolar.</p> <p>Elabora un logotipo mediante aplicación do positivo - negativo.</p>
B2.3. O cómic. O cómic como medio de expresión. A linguaxe do cómic.	<p>Proxección, visionado e análise de diferentes exemplos de banda Deseñada, tiras gráficas</p> <p>Realizar unha serie de estudos sinxelos de expresividade facial.</p> <p>Realiza unha serie de estudos sinxelos sobre as proporcións do corpo humano.</p> <p>Crear unha pequena tira cómica dun máximo de 4 viñetas usando correctamente a linguaxe do cómic.</p> <p>O comic e o cine. Ver exemplos do uso do comic no storyboard previo á película.</p> <p>Realiza unha fotonovela, sobre tema proposto, cun máximo dunha páxina.</p> <p>Visualización de un sencillo vídeo sobre as bases da animación.</p> <p>Traballar unha animación simple fabricando un flip-book.</p>
B2.4. A comunicación visual. Elementos que interveñen na comunicación visual.	<p>Análizar os elementos comunicativos e función de imaxes fixas propostas pola profesora ou o alumnado.</p> <p>Realiza análise de diferentes imaxes de medios de comunicación escritos.</p>

	Realizar un cartel baixo un tema proposto polo profesor. Fai variacións do mesmo para anuncio de prensa.
B2.5. A comunicación visual. Características e elementos que interveñen na comunicación visual.	<p>Seleccionar unha páxina de prensa ou revista, na que a imaxe teña valor documental.</p> <p>Selecciona un anuncio de TV ou revista onde se exemplifique o emprego da función persuasiva. Posta en común.</p> <p>Compara as similitudes e diferenzas entre o debuxo informativo dos planos e o expresivo de emprego artístico.</p>
B2.6. Funcións dos mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	<p>Analizar e comentar as estratexuas principais utilizadas na publicidade.</p> <p>Realizar un breve spot publicitario, sobre un tema proposto na aula.</p>
Bloque 3. Debuxo técnico	
Contidos	Actividades de aprendizaxe
B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: O punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.	<p>Definir os elementos xeométricos fundamentais e as posicións relativas entre rectas.</p> <p>Traballar a relación entre liñas (paralelas, perpendiculares e cortantes) nun mapa-callejero ficticio e os conceptos de horizontal e vertical.</p>
B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.	<p>Realizar diferentes láminas de exercicios para o manexo de escuadra y cartabón para trazar paralelas, perpendiculares e ángulos de 45°.</p> <p>Debuxar un cuadrado con escuadra e cartabón trazando as súas diagonais a 45°.</p>
B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia coma lugar xeométrico básico no plano.	<p>Realizar sobre unha rede de cadrados unha malla decorativa por adición de circunferencias, círculos, sectores circulares...</p> <p>Realizar un deseño a partir dunha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.</p>
B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis u oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	<p>Dividir a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxar coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.</p> <p>Realización dun Mandala.</p>
B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas. B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.	Identificar e clasificar os diferentes tipos ángulos e posicións relativas.
B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.	Realizar operacións (sumas e restas) con ángulos positivos ou negativos con regra e compás.
B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz coma lugar xeométrico básico no plano.	<p>Construír a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.</p> <p>Diseñar un abanico utilizando a bisectriz do ángulo.</p>
B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	Sumar ou restar segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.
B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz coma lugar xeométrico básico	Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regras.

no plano.	
B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	Dividir un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.
B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	Explicar por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).
B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	Clasificar calquera triángulo, en función dos seus lados e dos seus ángulos.
B3.14. Construción de triángulos.	Construír un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.
B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.	Coñecer e trazar as liñas e puntos notables dos triángulos (ortocentro, baricentro, circuncentro e incentro)
B3.16. O triángulo rectángulo. Características do triángulo rectángulo. Construción dun triángulo rectángulo.	Debuxar un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.
B3.17. Cuadriláteros. Clasificación e propiedades dos cuadriláteros.	Clasificar os cuadriláteros e estudar as súas propiedades.
B3.18. Construción de cuadriláteros.	Estudar a construción de paralelogramos dados dous lados consecutivos e a diagonal. Realizar, procurando limpeza e exactitude, os exercicios que se propoñan para practicar métodos construtivos de cuadriláteros. Posterior aplicación ao deseño creativo-decorativo de logotipos.
B3.19. Os polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	Estudar a clasificación de polígonos e diferenciar claramente entre regulares e irregulares. Observación de formas poligonais na natureza. Observación de crecemento harmónico na mesma.
B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos a unha circunferencia.	Construír polígonos regulares inscritos na circunferencia de calquera número de lados. Deseño de un rosetón. Deseño de un escudo automobilístico.

Temporalización e sesións.

Temporalización	Contidos	Sesións
1ª Avaluación	B1.1. Elementos configurativos da imaxe: Punto, liña e plano.	2 sesións

	B1.2. Apreciar o uso que os artistas fan do punto, liña e plano para aplicalo ás propias composicións.	
	B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. B1.4 Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, grosor ou velocidade.	2 sesións
	B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.	2 sesións
	B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.	2 sesións
	B1.7. A composición. Elementos da composición. B1.8. O ritmo na composición.	3 sesións
	B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	3 sesións
	B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. As técnicas plásticas: Secas, húmidas e mixtas.	3 sesións
	B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: O punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.	2 sesións
	B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.	1 sesión
	B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia coma lugar xeométrico básico no plano.	1 sesión
	B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis u oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.	1 sesión
	B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas. B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.	1 sesións
	B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.	2 sesións
2ª Avaliación	B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz coma lugar xeométrico básico no plano.	1 sesión
	B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	1 sesións
	B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz coma lugar xeométrico básico no plano.	1 sesión
	B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	2 sesións
	B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	1 sesión
	B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	1 sesión

	B3.14. Construción de triángulos.	1 sesión
	B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.	2 sesións
	B3.16. O triángulo rectángulo. Características do triángulo rectángulo. Construción dun triángulo rectángulo.	1 sesión
	B3.17. Cuadriláteros. Clasificación e propiedades dos cuadriláteros.	1 sesión
	B3.18. Construción de cuadriláteros.	2 sesións
	B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva. B1.10. O círculo cromático. Cores complementarios.	3 sesións
3ª Avaliación	B3.19. Os polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	2 sesións
	B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos a unha circunferencia.	3 sesións
	B2.1. A imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa, imaxe abstracta.	3 sesións
	B2.2. A comunicación visual. Símbolos e iconas. B2.4. A comunicación visual. Elementos que interveñen na comunicación visual.	3 sesións
	B2.3. O cómic. O cómic como medio de expresión. A linguaxe do cómic.	3 sesións
	B2.4. A comunicación visual. Elementos que interveñen na comunicación visual.	1 sesión
	B2.5. A comunicación visual. Características e elementos que interveñen na comunicación visual.	2 sesións
	B2.6. Funcións dos mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	2 sesións

*Esta temporalización é flexible e pode variar dependendo das dificultades do alumnado, e do ritmo de aprendizaxe de cada grupo ou imprevistos que poidan xurdir.

Criterios de avaliación, competencias básicas e contidos mínimos.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo ESO, 1º curso			
Bloque 1. Expresión plástica			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias	Mínimos esixibles

O taller será de balde e o seu único xeito de financiarse será mediante a venda dos seus propios produtos, polo que tamén levarán algún material para vender durante a elaboración do taller. Tampouco farían falta profesores acompañantes nin a implicación de outros departamentos.

2. Visita guiada e didáctica á Fundación CIEC, Centro Internacional de la Estampa Contemporánea, coñecer o CIEC, a súa Colección e exposicións temporais con comentarios das obras expostas, demostracións técnicas, compartir unha xornada cos artistas que traballan nos talleres e ademáis la posibilidade de realizar unha estampa. Actividade enfocada aos alumnos de 4º ESO que cursan a asignatura, un total de 39 alumnos.

4.1. Actividades complementarias.

Exposicións periódicas dos traballos dos alumnos e exposición de fin de curso cunha selección das obras mais interesantes. Cando sexa posible esta exposición terá carácter didáctico co apoio de paneis explicativos sobre os contidos traballados e os procedementos e técnicas utilizadas.

Participación con outros departamentos ou coa biblioteca en diferentes actividades.

COMUNICACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva, os centros deberán facer públicos os procedementos xerais de avaliación e os criterios de promoción que a Comisión de coordinación pedagóxica e os Departamentos didácticos establecesen, respectivamente, na proposta curricular da etapa e nas súas programacións didácticas (ORD_ECD_1361-2015_Currículo_ESO e BAC MEC e avaliación). Cumprindo co disposto na vixente orde do calendario escolar, ao inicio de curso, o xefe de departamento elaborou a información básica relativa á programación didáctica, que se dará a coñecer á comunidade educativa seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade:

- Posta a disposición da programación didáctica completa na páxina web do centro.
- Entrega na Xefatura de Estudos do documento que contén a información básica relativa á programación (procedementos de avaliación, criterios de cualificación, actividades e reforzos para lograr a recuperación, recuperación de materias pendentes).
- Publicación da información básica da programación nos “taboeiros” da Aula de Debuxo, así como naquelas outras nas que se imparta o horario completo dalgunha das materias deste departamento.
- Entrega a cada alumno que curse a asignatura de Educación Plástica no centro, dunha folla coa información básica relativa á programación didáctica (unidades, actividades e avaliación).

O profesor e xefe de Departamento de Artes Plásticas,



Francisco Javier Brey Ferreiro

En A Ponte do Porto, a 1 de Outubro de 2020

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE VALORES ÉTICOS EN 3º E.S.O.

1. Valores Éticos en Secundaria

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global. O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: A dignidade da persoa. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais. A reflexión ética. A xustiza e a política. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía. Debido o distinto desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballan o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que

tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen.

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave.

Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter.. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

2. Competencias clave traballadas.

Para os efectos desta programación, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave.

Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o nonestancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando

tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

3. Obxectivos

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e

expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona .

4. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe: 3º ESO

Valores éticos. 3º ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 4. A xustiza e a política		
<p>B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH.</p> <p>B4.2. O Estado de dereito.</p> <p>B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.</p> <p>B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía.</p>	<p>B4.1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes".</p>	<p>VEB4.1.1. Fundamenta racionalmente e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH.</p>
		<p>VEB4.1.2. Define o concepto de "Estado de dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática.</p>
		<p>VEB4.1.3. Describe o significado dos seguintes conceptos e establece a relación entre eles: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.</p>
		<p>VEB4.1.4. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan o poder legislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático, como instrumento para evitar o monopolio do poder político e como medio que permite aos cidadáns e ás cidadás o control do Estado.</p>
<p>B4.5. Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia.</p> <p>B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos.</p>	<p>B4.2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.</p>	<p>VEB4.2.1. Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns e as cidadás de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.</p>
		<p>VEB4.2.2. Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da DUDH (dexeneración en demagogia, ditadura das maiorías, escasa participación cidadá, etc.) e formula posibles medidas para evitalos.</p>
<p>B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece.</p>	<p>B4.3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.</p>	<p>VEB4.3.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis salientables nos que se fundamenta a Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.</p>
		<p>VEB4.3.2. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución española e a súa dimensión ética (nación española, pluralidade ideolóxica ou papel e funcións atribuídas ás Forzas Armadas), a través da lectura comprensiva e</p>

Valores éticos. 3º ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		comentada dos artigos 1 ao 9.
B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española.	B4.4. Amosar respecto pola Constitución española e identificar nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e os deberes do individuo como persoa e cidadán ou cidadá, apreciando a súa adecuación á DUDH, coa finalidade de asumir de xeito consciente e responsable os principios de convivencia que ben rexer no Estado español.	EB4.4.1. Sinala e comenta a importancia dos "dereitos e as liberdades públicas fundamentais da persoa" establecidos na Constitución: liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto; carácter aconfesional do Estado; dereito á libre expresión de ideas e pensamentos; e dereito á reunión política e á libre asociación, e os seus límites.
B4.9. Adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH. B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española. B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica na Constitución española.	B4.5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos "dereitos e deberes dos cidadáns" (artigos do 30 ao 38) e dos "principios reitores da política social e económica" (artigos do 39 ao 52).	VEB4.5.1. Coñece e aprecia na Constitución española a súa adecuación á DUDH, e sinala os valores éticos en que se fundamentan os dereitos e os deberes dos cidadáns e das cidadás, así como os principios reitores da política social e económica. VEB4.5.2. Explica e asume os deberes cidadáns que establece a Constitución, e ordénaos segundo a súa importancia, xustificando a orde elixida. VEB4.5.3. Achega razóns para xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns as cidadás sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético. VEB4.5.4. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns e da cidadás, e a súa relación cos orzamentos xerais do Estado como un deber ético que contribúe ao desenvolvemento do ben común.
B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II.	B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II.	VEB4.6.1. Sinala e comenta, a través do traballo colaborativo, os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar. VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o "poder galego". VEB4.6.3. Identifica e valora as funcións e as características do Parlamento sinaladas no capítulo I, e da Xunta e a súa Presidencia, segundo o capítulo II.

Valores éticos. 3º ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH. B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadás.	B4.7. Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros alcanzados por esta.	VEB4.7.1. Describe a integración económica e política da UE, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta, de acordo coa DUDH. VEB4.7.2. Identifica e aprecia a importancia dos logros alcanzados pola UE e o beneficio que estes supuxeron para a vida dos cidadáns e das cidadás (anulación de fronteiras e restricións alfandegueiras, libre circulación de persoas e capitais, etc.), así como as obrigas adquiridas en diferentes ámbitos (económico, político, da seguridade e a paz, etc.).
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos		
B5.1. Relación entre ética e dereito. B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade.	B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.	VEB5.1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas.
B5.3. Xustificación das normas xurídicas. B5.4. Convencionalismo dos sofistas B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke. B5.6. Iuspositivismo de Kelsen.	B5.2. Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas, a través da análise das teorías do dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico de determinados/as filósofos/as, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis.	VEB5.2.1. Elabora en grupo unha presentación con soporte dixital sobre a teoría iusnaturalista do dereito, o seu obxectivo e as súas características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado. VEB5.2.2. Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre "physis" e "nomos", describindo a súa contribución ao convencionalismo xurídico, e elabora conclusións argumentadas arredor deste tema. VEB5.2.3. Analiza información sobre o positivismo xurídico de Kelsen, nomeadamente no relativo á validez das normas e dos criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito. VEB5.2.4. Recorre ao espírito emprendedor e á iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración co grupo, comparando as tres teorías do dereito e explicando as súas conclusións.
B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH como código ético de conduta	B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como unha necesidade do seu	VEB5.3.1. Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo. VEB5.3.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que orixinaron a DUDH, entre eles o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns homes sobre outros, chegando ao extremo

Valores éticos. 3º ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
dos estados.	tempo, cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.	do Holocausto xudeu, así como a discriminación e o exterminio de todas as persoas que non pertencesen a unha determinada etnia, a un modelo físico, a unha relixión, a unhas ideas políticas, etc. VEB5.3.3. Sinala os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia deste feito para a historia da humanidade.
B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.	B5.4. Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH, coa finalidade de coñecer e propiciar o seu aprecio e respecto.	VEB5.4.1. Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, que se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira: Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a todas as persoas: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non-discriminación. Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais. Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade. Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticas. Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais. Finalmente, os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites. VEB5.4.2. Elabora unha campaña, en colaboración co grupo, coa finalidade de difundir a DUDH como fundamento do dereito e a democracia, no seu medio escolar, familiar e social.
B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento.	B5.5. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade	VEB5.5.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz).
B5.10. Problemas aos que se enfronta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH.	B5.6. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH.	VEB5.6.1. Investiga mediante información obtida en distintas fontes, sobre os problemas e os retos da aplicación da DUDH, no que se refire ao exercicio de dereitos civís (destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc.) e dos dereitos políticos (guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados/as políticos/as, etc.).
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía		
B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación	B6.1. Recoñecer que existen casos en que	VEB6.1.1. Obtén e selecciona información, traballando en colaboración, dalgúns casos nos que a investigación

Valores éticos. 3º ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
científica. Progreso científico-técnico e valores éticos.	a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH.	científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos nos ámbitos humano e ambiental, sinalando as causas.
		VEB6.1.2. Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións.
		VEB6.1.3. Selecciona e contrasta información, colaborando en grupo, sobre algunhas das ameazas da aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía para o contorno ambiental e para a vida (explotación descontrolada dos recursos naturais, destrución de hábitats, contaminación química e industrial, choiva ácida, cambio climático, desertificación, etc.).

5. METODOLOXÍA

Prácticas metodolóxicas

A metodoloxía aplicada considera ao estudante o protagonista directo da súa propia aprendizaxe, mentres sitúa ao docente nun segundo plano para que o alumnado consiga máis autonomía asumindo de forma consciente e reflexiva o exercicio da aprendizaxe en liberdade. O profesor/a debe orientar e axudar ao alumno/a e é moi importante desenvolver o proceso de ensino sempre que sexa posible a partires de aprendizaxes que estean baseados na experiencia, pois esta forma de proceder permitirá ao alumnado coñecer e interiorizar os contidos de forma comprensiva e significativa. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Con esta finalidade e atendendo a adquisición dos estándares de aprendizaxe requeridos, os materiais os recursos curriculares empregados serán variados: explicacións por parte do profesor, recollida de información sobre os principais temas, consultas en libros de texto e libros de lectura, videos, películas,

páxinas webs, exercicios e esquemas , xogos on line...etc. Debido a escasa carga lectiva da materia non se considera necesario colocar un libro de texto.

Materiais e recursos didácticos

Neste curso 2020-2021 o alumnado de Valores Éticos dos 4 cursos da ESO traballará cun **libro dixital: Valores Éticos, editorial Vicens Vives** (1ºESO, 2ºESO, 3ºESO, 4ºESO).

Alén disto, traballarase na medida do posible con materias audio-visuais que poidan resultar atractivos e motivadores para o alumnado. A continuación figuran unha serie de recursos, se ben o discorrer do curso pode suscitar a necesidade de traballar outros que non aparezan aquí enumerados.

→ Libros

Unha serie de libros servirán de referencia para as clases e poderán ser empregados dentro e fóra da aula, tanto de forma íntegra como por fragmentos. Velaquí a listaxe:

1. *El chico que quería convertirse en ser humano*, J. Riel.
2. *O diario violeta de Carlota*, Gemma Lienas.
3. *Armán e a fábrica podre*, Llort e Macip.
4. *O neno do pixama a raias*, John Boyne.
5. *Sempre Hausa*, Xoán Babarro.
6. *Ética para Amador*, Fernando Savater.
7. *Rosas blancas para Claudia*, Carlos Puerto
8. *El chico que quería convertirse en ser humano*, J. Riel

9. *Las furias*, Sierra i Fabra.

10. *Los caminos de la felicidad*, G. Trespaderne

11. *26 cuentos para pensar*, Jorge Bucay

→ **Cine:**

Nalgunhas ocasións recorreremos a fragmentos de películas ou curtas para traballar determinados contidos. A continuación enuméranse algúns dos posibles filmes cos que se traballará, se ben o discorrer do curso pode suscitar a necesidade de traballar outros que non aparezan aquí enumerados.

1. *A selva esmeralda* (1985), de John Boorman.

2. *Billy Elliot* (2000), de Stephen Daldry.

3. *As mulleres de verdade teñen curvas* (2003), de Patricia Cardoso.

4. *A espalda do mundo*(2000), de Javier Corcuera.

5. *Quero ser como Beckham* (2002), de G.Ghadha.

6. *A vendedora de rosas* (1998), de Víctor Gaviria.

7. *O neno do pixama de raias* (2008), de Mark Herman.

8. *El Bola*, de Acheró Mañas

→ **Música**

1. *Puede ser*, de Amaia Montero

→ **Páxinas webs:**

2. Experiencias y recursos para una ciudadanía mundial <http://www.kaidara.org/>

Proyecto educa <http://proyectoeduca.weebly.com/>

3. 55 cortometrajes para educar en valores

<http://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/familias-2/cortometrajes-educar-en-valores/16455.html> Unicef.

4. Trabajo infantil. [https://www.youtube.com/watch?](https://www.youtube.com/watch?v=c1hefuU9sU&list=PLZZhrAvpeeRyWGaOK8BovJw7hTQUtr3dj&index=5)

[v=c1hefuU9sU&list=PLZZhrAvpeeRyWGaOK8BovJw7hTQUtr3dj&index=5](https://www.youtube.com/watch?v=c1hefuU9sU&list=PLZZhrAvpeeRyWGaOK8BovJw7hTQUtr3dj&index=5)

5. Educación / Oxfam Intermon. [http://www.oxfamintermon.org/es/que-](http://www.oxfamintermon.org/es/que-hacemos/campanas-educacion/educacion)

[hacemos/campanas-educacion/educacion](http://www.oxfamintermon.org/es/que-hacemos/campanas-educacion/educacion) Kaidara.

→ Xogos en liña:

1. Manos unidas: Un juego peligroso. <http://www.unjuegopeligroso.org/>

2. UNICEF Buscando asilo http://www.enredate.org/cas/juegos/buscando_asilo

6. Plan de reforzo específico.

A situación obrigada de ensinanza telemática que xurdeu no curso anterior de maneira repentina por mor da pandemia acarrexou consigo numerosas dificultades para cumprir coas programacións didácticas e impartir o currículo tal e como se concibira ao inicio do curso. Por isto, este ano dítase a necesidade de incluír nas programación un plan de reforzo específico que permita recuperar as aprendizaxes mínimas non adquiridas no curso anterior.

Porén, no caso que nos ocupa, a materia de Valores Éticos é unha materia optativa, cun programa que se mostra accesible a calquera alumno que nunca antes tivese contacto

coa materia e que por vez primeira quere achegarse a ela. Así, trátase dun programa flexible, que non require coñecementos previos.

Dito isto, máis que ter que reforzar calquera aprendizaxe, no eido dos Valores Éticos consideramos que este ano escolar supón máis ben un momento óptimo para educar en valores: conseguir que o alumnado sexa consciente da gran importancia dos seus actos para o resto da humanidade, dotalos da capacidade de poñerse no lugar do outro e, en definitiva, encamiñalos para convertérense en cidadáns exemplares que coiden dos demais e de si mesmos.

Así pois, nesta materia o único que poderíamos encadrar nun denominado Plan de Reforzo é o feito de contar dende o inicio do curso cunha **Aula Virtual** que manexaremos a miúdo co fin de evitar os efectos negativos que puidese provocar de novo unha eventual situación de docencia telemática. Do mesmo xeito, traballaremos cun **libro dixital** en parte por este mesmo motivo, se ben se debe tamén a outros como a alfabetización dixital do alumnado imprescindible nesta era e o aforro de papel para o coidado do medio ambiente.

7. Atención a diversidade.

Unha das prácticas metodolóxicas constantes será a **atención individualizada** de cada alumno, co fin de adaptar o ritmo das clases ás necesidades dos alumnos e alumnas e co fin de detectar as dificultades que poidan xurdir. Trátase dunha materia na que a participación do alumnado é o pilar principal do transcorrer das sesións, polo que a docente estará atenta a que todos e todas participen e se sintan cómodos cando o fagan.

Avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Procedementos de avaliación.

Levarase a cabo unha **avaliación continua**. Para obter unha cualificación favorable o alumno debe:

- a) Mostrar actitudes de esforzo, perseveranza e responsabilidade na aprendizaxe e a realización de tarefas e actividades individuais e de grupo.
- b) Mostrar actitudes de respecto, cooperación, empatía e interese cara a todas as persoas.
- c) Expresar as súas opinións, valoracións e sentimentos de forma asertiva e respectuosa.
- d) Expresarse con claridade e esforzarse por facerse entender.
- e) Utilizar adecuadamente as novas tecnoloxías e buscar información en internet sobre as actividades encomendadas.
- f) Recoñecer a importancia de desenvolver valores éticos que contribúan a unha convivencia pacífica e que amplíen as posibilidades de elección das persoas.
- g) Ser consciente das consecuencias que leva consigo a ausencia de principios e valores éticos na sociedade actual.

Instrumentos de avaliación. Ponderación.

Ademais dos criterios que se acaban de citar, en cada unidade aparecen sinalados os estándares de aprendizaxe necesarios para poder cualificar o traballo do alumnado. A dita cualificación realizarase como segue:

→ **60% : Traballo diario**: cuestionarios realizados sobre os temas tratados, intervencións na aula, participación en debates, mostra de interese, colaboración, etc. Os instrumentos

empregados para cuantificar o traballo diario será a **observación directa, listas de control e/ou rúbricas**.

→ **40%: Traballo escrito de indagación e/ou reflexión** sobre un dos contidos traballados no trimestre. O traballo poderá tamén ser exposto oralmente, o cal se tería en conta a modo de positivo (isto é, o traballo chegaría a supoñer máis do 40% da nota). Antes de realizar o traballo o alumnado terá a súa disposición a **rúbrica** coa que será avaliado, que lle servirá ademais de guía do traballo.

A cualificación final por trimestre virá dada pola suma da observación e traballos feitos.

A cualificación final do alumno/a será a nota media entre as cualificacións de cada trimestre. A nota mínima para aprobar a materia é de 5.

Medidas de recuperación e reforzo.

A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos e actividades non realizados ou cualificados negativamente.

Avaliación ordinaria de xuño e recuperación de pendentos.

O alumnado que non poida superar a materia durante as 3 primeiras avaliacións do curso, terá dereito a un exame de recuperación a finais de curso. Coa finalidade de facilitarlle ao alumnado a recuperación desta materia e tendo en conta os criterios de cualificación propostos para todos, o alumnado tamén deberá entregar aquelas tarefas que figuran como traballos a realizar individualmente e que non realizou no seu momento. Durante os días comprendidos entre o 6 e o 22 de Xuño este alumnado coa materia pendente recibirá sesións de reforzo facendo especial fincapé nos puntos principais da materia.

O alumnado coa materia superada fará traballos de reforzo e consolidación dos contidos impartidos durante o curso e a realización destes se verá reflexado nun 4% da nota final.

Deste xeito o porcentaxe de cada avaliación para o alumnado que supere a materia sería o seguinte:

- 1ª avaliación : 32%
- 2ª avaliación: 32%
- 3ª avaliación: 32%
- Avaliación ordinaria de xuño: 4%

Recuperación de pendentos.

Coa finalidade de facilitarlle ao alumno a recuperación desta materia e tendo en conta os criterios de cualificación propostos para todo o alumnado, o alumno deberá realizar aquelas tarefas que figuran como traballos a realizar individualmente e que non realizou no seu momento. O alumnado coa materia pendente é convocado a unha reunión a principios de outubro e iráselle entregando traballo da materia, máis ou menos cada 15 días. Ao longo do curso serán cualificados os seguintes traballos:

- Realización de traballos sobre as distintas unidades mediante uso de medios e plataformas dixitais.
- Elaboración dun traballo de reflexión sobre un dos temas tratados.

O alumno/a recibirá dúas cualificacións totais durante o curso: unha en febreiro e outra en maio podendo repetir os traballos mal realizados. Se durante o curso obtén unha cualificación inferior a 5, na última semana de Xuño deberá entregar aqueles traballos e tarefas que non realizou no seu momento.

Avaliación do proceso de ensino (Programación didáctica e metodoloxía)

A docente realizará un cuestionario (a poder ser, un por trimestre) no que o alumnado poderá avaliar as prácticas metodolóxicas implantadas na aula. A máis disto, interesárase a miúdo por como se sente o alumnado ao tratar aqueles temas propios da materia que poden afectar a sensibilidade dos discentes. Por último, ao remate de cada trimestre a profesora revisará a programación considerando aqueles axustes que sexa preciso facer.

Elementos transversáis.

A materia de Valores Éticos pretende educar para a convivencia no pluralismo. Preténdese tamén o desenvolvemento de actitudes de respecto cara aos demais, fomentar a valoración doutras culturas, exercitar o civismo e a democracia na aula. Fomenta a educación para a Paz: traballarase a tolerancia, a non violencia e a cooperación. O alumno formarase para a solución dialogada dos conflitos no ámbito escolar. Fomenta a educación non sexista: fomentárase a análise crítica da realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, etc. Polo que respecta á educación ambiental, entre os seus obxectivos está o sensibilizar ao alumnado sobre a destrución do medio ambiente e a necesidade de aportar solucións. Preténdese que o alumnado teña respecto e responsabilidade cara ao medio ambiente.

Actividades extraescolares.

Este ano queremos traer ás aulas de Valores un especialista en *mindfulness* acostumado a traballar con adolescentes tanto en talleres colectivos, como de maneira individual en consulta. Falaralles de motivación, de como afrontar a consecución de obxectivos, da formación en habilidades, de como asumir procesos de cambio, e mesmo de meditación, entre outras cousas.

A actividade poderá realizarse no 2º ou 3º trimestre e pretende facerse por cursos-niveis, tentando que todo o alumnado de valores asista.

Comunicación da programación ao alumnado.

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva, os centros deberán facer públicos os procedementos xerais de avaliación e os criterios de promoción que a Comisión de coordinación pedagóxica e os Departamentos didácticos establecesen, respectivamente, na proposta curricular da etapa e nas súas programacións didácticas (ORD_ECD_1361-2015_Currículo_ESO e BAC MEC e avaliación). Cumprindo co disposto na vixente orde do calendario escolar, ao inicio de curso, o xefe de departamento elaborou a información básica relativa á programación didáctica, que se dará a coñecer á comunidade educativa seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade:

- Posta a disposición da programación didáctica completa na páxina web do centro.
- Entrega na Xefatura de Estudos do documento que contén a información básica relativa á programación (procedementos de avaliación, criterios de cualificación, actividades e reforzos para lograr a recuperación, recuperación de materias pendentes).
- Publicación da información básica da programación nos “taboeiros” da Aula de Debuxo, así como naquelas outras nas que se imparta o horario completo dalgunha das materias deste departamento.
- Entrega a cada alumno que curse a asignatura de Educación Plástica no centro, dunha folla coa información básica relativa á programación didáctica (unidades, actividades e avaliación).

O profesor e xefe de Departamento de Artes Plásticas,

Francisco Javier Brey Ferreiro

En A Ponte do Porto, a 21 de setembro de 2021